

# CURSO ESCOLAR 2008 - 2009

## INFORMACIÓN

Concello de Ávila

Concellaría de Educación e Cultura

(Área de Educación)

Teléfono e Fax: 920 354 015 / 920 225 697

[mcjimenez@ayuntavila.com](mailto:mcjimenez@ayuntavila.com)

Concello de Santiago de Compostela

Departamento de Educación

Teléfono: 981 55 44 00 / Fax: 981 571 511

[dptoeducacion@santiagodecompostela.org](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.org)

[www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)

## Desenvolvemento do Programa

### Fase A: Setembro 2008

Difusión do programa nos centros de ensino  
Inscrición

✿ O centro interesado en participar no programa formalizará a inscrición mediante a ficha que se achega e deberá enviála por correo electrónico, fax, ou correo postal ao Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela antes do 6 de outubro de 2008.

✿ Os centros recibirán os materiais escolmados polo Concello de Córdoba para colaborar na preparación do proxecto de investigación e do plan de traballo desta cidade. Esta información chegará aos centros participantes antes do día 20 de outubro de 2008.

✿ O centro educativo poderá presentar un ou varios traballos que versarán sobre a temática e a cidade obxecto de estudo. Cada traballo será elaborado por un número de alumnos/as non superior a 15, coa supervisión como mínimo dun profesor/a ou coordinador/a. O proxecto de investigación contará cun plan de traballo a desenvolver na cidade de intercambio.

### Fase B: Novembro 2008 / Febreiro 2009

Elaboración e presentación dos traballos

✿ Os traballos realizados en cada centro, acompañados da listaxe do alumnado e do profesorado que participa, presentaranse no Departamento de Educación do Concello de Santiago antes do día 13 de marzo de 2009.

✿ Cada cidade preseleccionará os mellores proxectos de investigación e plans de traballo.

✿ O xurado do Grupo Cidades Patrimonio da Humanidade, constituído polos concelleiros/as de Educación das cidades Patrimonio e os responsábeis técnicos/as dos seus departamentos, seleccionará no mes de marzo de 2009 o mellor traballo de cada cidade.

✿ O grupo escollido recibirá como premio unha estada na cidade sobre a que realizaron o traballo e a súa participación no encontro final de todos os participantes na cidade de Ávila, sen custo ningún para o centro nin para o alumnado, xa que será asumido polo Grupo de Cidades Patrimonio da Humanidade.

### Fase C: Maio 2009

Encontro final en Ávila

✿ Os grupos seleccionados de cada cidade expoñerán as conclusións dos seus traballos nun tempo non superior a 10 minutos. Así mesmo, participarán nun programa de actividades lúdicas, educativas e culturais durante os días que permanezan na cidade organizadora desta edición.

Municipio organizador: Ávila

Coñecer  
as  
Cidades  
Patrimonio

8ª  
Edición